



Ilmo Concello de
CAMBADOS

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 19 DE DECEMBRO DO ANO 2013

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinteunha horas do d3a dezanove de decembro do ano dous mil trece, e co obxecto de celebrar sesi3n ordinaria do Pleno da Corporaci3n Municipal, e tratar dos asuntos da 3rde do d3a incluído na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luis Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros D^a Candelaria Mart3nez Eiras, D. Antonio Joaqu3n Iglesias Pombo, D^a M3nica Brea Troncoso, D. Eulogio Pomares Botana, D. Juan Ramiro G3mez Blanco, D^a Ana Isabel Oubiña Santos, D. Ricardo Quint3ns Cores, D. Victor M. Caamaño Rivas, D^a Mar3a Josefa Cacabelos Dominguez, D^a M^a Teresa Prado Cores, D^a F3tima Abal Roma, D^a Milagros Mart3nez Piñeiro, D. Jos3 Juan Cores Chaves e D^a Mar3a Isabel Varela Piñeiro (estes dous 3ltimos no intre que se dir3). Non asiste D. Rodrigo Rey V3zquez e D. Manuel Angel Gir3ldez Oubiña.

Actúa como Secretario, o Funcionario D. Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia.

1^o.- LECTURA E APROBACION DA ACTA DA SESI3N CELEBRADA O D3A 31.10.2013.- Aberta a sesi3n, pola Presidencia pregúntase 3s señores concelleiros se teñen algunha obxecci3n que formular 3 acta da sesi3n anterior, celebrada o pasado d3a 31 de outubro, e non formul3ndose ningunha, a Corporaci3n Municipal acorda prestarlle a súa aprobaci3n.-

2^o.- APROBACI3N INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACI3N DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO REXISTRO DE FICHEIROS DE CAR3CTER PERSOAL.- Dase conta da Proposta da Alcald3a, informada favorablemente pola Comisi3n Informativa de R3ximen Interior e Persoal na que se prop3n a modificaci3n da Ordenanza Reguladora de ficheiros de datos de car3cter persoal do Concello de Cambados.

Seguidamente interv3n o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para pedir disculpas toda vez que, por motivos laborais, non puido asistir 3 referida Comisi3n Informativa nin el nin outro representante do seu grupo.

Rematadas as intervenci3ns, som3tese o asunto a votaci3n, acad3ndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: trece (Sres.: Mart3nez Eiras, Iglesias Pombo, Brea Troncoso, Pomares Botana, G3mez Blanco, Oubiña Santos, Quint3ns Cores, Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Prado Cores, Abal Roma, Mart3nez Piñeiro e Sr. Alcalde)
- Votos en contra: ning3n
- Abstenci3ns: ningunha

A Corporaci3n Municipal, por unanimidade, acorda:

1^o.- Aprobado inicialmente a modificaci3n da Ordenanza Municipal Reguladora do Rexistro de Ficheiros de Car3cter Persoal.


2^o.- Someter o expediente a informaci3n p3blica, por prazo de trintas d3as, mediante anuncio no Taboleiro de Edictos da Corporaci3n e no Bolet3n Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar reclamaci3ns ou suxerencias. De presentarse estas dentro do referido prazo, deber3n ser resoltas polo Pleno; e,



3º.- De non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o presente acordo ata entón provisional, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro definitivamente aprobado, para a súa entrada en vigor.

“ORDENANZA REGULADORA DE FICHEIROS DE DATOS CARÁCTER PERSOAL DO
CONCELLO DE CAMBADOS.-

A Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ten por obxecto garantir e protexer, no que concerne ó tratamento dos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente da súa honra e intemidade persoal e familiar. =É de aplicación ós datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico ou informático que sexan susceptibles de tratamento e a toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado.= De este modo, calqueira persoa, empresa ou entidade que recolla, almacene ou trate datos de carácter persoal, deberá cumprir cunha serie de obrigacións ou medidas que se regulan na LOPD e no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica.= Neste senso, o artigo 9 da LOPD establece a obriga para o responsable de ficheiros ou os encargados de tratamentos de “adoptar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda ou tratamento ou acceso non autorizado, debido ó estado da tecnoloxía, natureza dos datos almacenados e riscos ós que están expostos, xa proveñan da acción humana, medio físico ou natural.= É responsabilidade das Administracións Locais o concerniente á creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter persoal no seu ámbito.= Así, o artigo 20 da LOPD establece que a creación, modificación ou supresión de ficheiros só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no B.O.E. ou Boletín Oficial correspondente.= De conformidade co artigo 41.1 da Lei Orgánica 11/1999, de 13 de decembro, a Corporación Local, en materia de protección de datos, queda baixo o ámbito da Axencia Estatal de Protección de datos. De conformidade co artigo 4 do Decreto 99/2002, de 13 de xuño, de regulación do procedemento de elaboración de disposición xeral de creación, modificación e supresión de ficheiros que conteñen datos de carácter persoal, así como a súa inscrición no Rexistro de Ficheiros de Datos Persoais, as Corporacións Locais crearán, modificarán e supresión os seus ficheiros mediante a correspondente ordenanza municipal ou calqueira outra disposición de carácter xeral, nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.= O Concello de Cambados, na súa calidade de Administración pública de carácter territorial e no exercizo da potestade regulamentaria reconecida no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, dítase o seguinte Regulamento:= **ARTIGO 1: Ámbito de aplicación.**= Os ficheiros automatizados do Concello de Cambados, nos que se conteñen e procesan dato de carácter persoal son os que están recollidos neste regulamento.= **ARTIGO 2: Creación, identificación e descrición de ficheiros.**= Créanse os seguintes ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Cambados:= 1.- Rexistro de entrada e saída de documentos do Concello: rexistro de todos os documentos ós que se lle da rexistro de entrada e saída.= 2.- Rexistro de entrada e saída de documentos da policía local: rexistro de todos os documentos ós que se lle da rexistro de entrada e saída na Policía Local do Concello.= 3.- Policía administrativa: actividade de intervención e limitación da actividade dos particulares por razóns de interese xeral, co fin de armonizar o interese público co privado.= 4.- Seguridade cidadá: tramitación de sancións por infraccións á lei sobre protección da seguridade cidadá, tales como consumo e tenencia de drogas e estupefacientes, así como alteración da orde pública e desobediencia á autoridade.= 5.- Multas: xestión de multas de tráfico no termo municipal de Cambados.= 6.- Videovixilancia da Casa do Concello: videovixilancia e control de presenza de edificios e dependencias municipais.= 7.- Videovixilancia de edificios e vías públicas: videovixilancia de vías públicas, edificios públicos co fin de garantir a seguridade cidadá.= **ARTIGO 3: Ficheiros xa incluídos.**= Os ficheiros incluídos no ámbito da Lei Orgánica 15/1999, creados antes da aprobación deste regulamento, manteranse nos termos establecidos.= Estes ficheiros son: Contabilidade,





Ilmo Concello de
CAMBADOS

contribuintes, persoal e padrón.= **ARTIGO 4: Orixe dos datos e procedencia da recollida.**= 1.- Rexistro de entrada e saída de documentos do Concello: cidadáns en xeral, empregados, rexistros públicos, entidades privadas e Administracións Públicas.= 2.- Rexistro de entrada e saída de documentos da policía local: cidadáns en xeral, empregados, rexistros públicos, entidades privadas e Administracións Públicas.= 3.- Policía administrativa: cidadáns en xeral, rexistros públicos, entidades privadas e Administracións Públicas.= 4.- Seguridade cidadá: cidadáns en xeral, rexistros públicos, entidades privadas e Administracións públicas.= 5.- Multas: cidadáns en xeral, rexistros públicos, entidades privadas e Administracións Públicas.= 6.- Videovixilancia da Casa do Concello: cidadáns en xeral e empregados.= 7.- Videovixilancia de edificios e vías públicas: cidadáns en xeral.= O procedemento de recollida procederá do propio interesado ou do seu representante legal.= **ARTIGO 5: Procedemento de recollida e soporte utilizado.**= 1.- Rexistro de entrada e saída de documentos do Concello: informatizado/fax/papel.= 2.- Rexistro de entrada e saída de documentos da policía local: informatizado/fax/papel.= 3.- Policía administrativa: informatizado/papel.= 4.- Seguridade cidadá: informatizado/papel.= 5.- Multas: informatizado/papel.= 6.- Videovixilancia da Casa do Concello: videovixilancia/informatizado.= 7.- Videovixilancia de edificios e vías públicas: videovixilancia/informatizado.= **ARTIGO 6: Descrición de datos identificativos.**= 1.- Rexistro de entrada e saída de documentos do Concello: NIF/DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e apelidos, Razón Social, Sinatura e Sinatura electrónica.= 2.- Rexistro de entrada e saída de documentos da policía local: NIF/DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e apelidos, Razón Social, Sinatura e Sinatura electrónica.= 3.- Policía administrativa: NIF/DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e apelidos, Razón Social, Sinatura, Sinatura electrónica, datos relativos a infraccións penais e administrativas ou outros datos biométricos.= 4.- Seguridade cidadá: NIF/DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e apelidos, Razón Social, Sinatura, Sinatura electrónica, datos relativos a infraccións penais e administrativas ou outros datos biométricos.= 5.- Multas: NIF/DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e apelidos, Razón Social, Sinatura, Sinatura electrónica, datos relativos a infraccións penais e administrativas ou outros datos biométricos.= 6.- Videovixilancia da Casa do Concello: NIF/DNI, Enderezo, Teléfono, Nome e apelidos, Imaxe e voz, Nº da seguridade social/mutualidade e pegada.= 7.- Videovixilancia de edificios e vías públicas: Imaxe.= **ARTIGO 7: Sistema de tratamento de ficheiros.**= 1.- Rexistro de entrada e saída de documentos do Concello: mixto.= 2.- Rexistro de entrada e saída de documentos da policía local: mixto.= 3.- Policía administrativa: mixto.= 4.- Seguridade cidadá: mixto.= 5.- Multas: mixto.= 6.- Videovixilancia da Casa do Concello: automatizado.= 7.- Videovixilancia de edificios e vías públicas: automatizado.= **ARTIGO 8: Destinatarios das comunicacións.**= 1.- Ficheiro de rexistro de entrada e saída de documentos: cidadáns en xeral, entes privados, Xulgados, Fiscalía e Administracións Públicas en xeral.= 2.- Ficheiro de rexistro de entrada e saída da policía local: cidadáns en xeral, entes privados, Xulgados, Fiscalía, Dirección Xeral de Tráfico e Administracións Públicas en xeral.= 3.- Ficheiro de policía administrativa: cidadáns en xeral, entes privados, Xulgados, Fiscalía, Dirección Xeral de Tráfico e Administracións Públicas en xeral.= 4.- Ficheiro de seguridade cidadá: cidadáns en xeral, entes privados, Xulgados, Fiscalía, Dirección Xeral de Tráfico e Administracións Públicas en xeral.= 5.- Ficheiro de multas: cidadáns en xeral, entes privados, Xulgados, Fiscalía, Dirección Xeral de Tráfico e Administracións Públicas en xeral.= 6.- Ficheiro de videovixilancia da Casa do Concello: Xulgados, Fiscalía e Administracións públicas en xeral.= 7.- Videovixilancia de edificios e vías públicas: Xulgados, Fiscalía, Forzos e Corpos de Seguridade e Administracións públicas en xeral.= **ARTIGO 9: Transferencia internacional de datos.**= Non se producirá en ningún dos supostos transferencia internacional de datos.= **ARTIGO 10: Responsables dos ficheiros e dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición.**= 1.- A titularidade e responsabilidade dos ficheiros do Concello correspóndelle ao Concello de Cambados, representado polo Sr. alcalde. Consideraranse encargadas do ficheiro as persoas que leven a cabo por conta do responsable o tratamento dos datos recollidos nos mesmos.= 1.- Ficheiro de contabilidade: responsable da Intervención municipal e alcalde.= 2.- Ficheiro de contribuíntes: responsable da Tesourería municipal e alcalde.= 3.- Ficheiro de persoal: responsable da súa xestión e pagamento e alcalde.= 4.- Ficheiro de padrón: funcionario

encargado do padrón e alcalde.= 5.- Ficheiro de rexistro de entrada e saída de documentos do Concello: funcionario encargado do Rexistro e alcalde.= 6.- Ficheiro de rexistro de entrada e saída de documentos da policía local: auxiliar da policía local e alcalde.= 7.- Ficheiro de policía administrativa: oficiais da policía local e alcalde.= 8.- Ficheiro de seguridade cidadá: oficiais da policía local e alcalde.= 9.- Ficheiro de multas: oficiais da policía local e alcalde.= 10.- Ficheiro de videovixilancia da Casa do Concello: oficiais da policía local e alcalde.= 11.- Ficheiro de videovixilancia de edificios e vías públicas: oficiais de policía local e alcalde.= 2.- O órgano responsable e perante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición con relación a calquera dos ficheiros municipais de datos de carácter persoal é a Alcaldía.= **ARTIGO 11: Cesión de datos.**= Aplicarase ao respecto o réxime establecido no artigo 21 da Lei 15/1999 e o establecido especificamente para cada ficheiro en concreto.= **ARTIGO 12: Niveis de seguridade.**= 1.- Ficheiro de contabilidade: baixo, acceso mediante contrasinal.= 2.- Ficheiro de contribuíntes: baixo, acceso mediante contrasinal.= 3.- Ficheiro de persoal: medio, acceso mediante contrasinal.= 4.- Ficheiro de padrón: medio, acceso mediante contrasinal.= 5.- Ficheiro de rexistro de entrada e saída de documentos do Concello: baixo, acceso mediante contrasinal.= 6.- Ficheiro de rexistro de entrada e saída da policía local: baixo, acceso mediante contrasinal.= 7.- Ficheiro de policía administrativa: medio.= 8.- Ficheiro de seguridade cidadá: medio.= 9.- Ficheiro de multas: medio.= 10.- Ficheiro de videovixilancia da Casa do Concello: básico.= 11.- Ficheiro de videovixilancia de edificios e vías públicas: básico.= **DISPOSICIÓN FINAL.**= Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Regulamento das Bases do Réxime Local.”

DILIXENCIA.- Para facer constar que ó longo da exposición do punto 3º incorpórase á sesión a Concelleira Dª Mª Isabel Varela Piñeiro.

3º.- MOCIÓN DO P.S.DE.G.-PSOE EN RELACIÓN CO COLEXIO PÚBLICO ANTONIO MAGARIÑOS PASTORIZA.- Pola Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma, dase conta da seguinte moción, presentada con data 03.10.2013 (R.E. nº 2013/5601): “

... **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**- O Colexio Público Antonio Magariños Pastoriza, ven demandando dende hai unha serie de anos a necesidade dun lugar axeitado para o desenvolvemento da asignatura de Educación Física.= O patio cuberto no que se realizaba esta materia, non está xa en condicións para impartir esta clase como se viña facendo en anos atrás. As inclemencias do tempo, fan que esta zona esté mollada practicamente durante todo o curso, pois ademais da chuvia que entra polos laterais, ó non haber paredes ata arriba, entra tamén auga pola parte do teito que está con grietas e fisuras.= A segunda fase aprobada para este centro, na que se ía a arranxar esta problemática, a pesares de estar como dicimos, aprobada, non foi executada e non se dou ningunha explicación do por qué.= Este Centro ten tamén outro tipo de necesidades básicas. Unha necesidade básica e primordial de calquera centro e en especial dun Colexio é a limpeza e a hixiene.= O Colexio Antonio Magariños conta cunha soa persoa para limpar todo o centro nas dúas horas que ten estipulado. Como é moi comprensible, neste breve espacio de tempo, apenas se poden limpar todos os cuartos de aseo que ten o centro, polo que é imposible limpar nesas dúas horas todo o colexio, por iso cremos que é necesaria unha persoa de apoio que leve a cabo estas tarefas de limpeza conxuntamente coa persoa que xa as está realizando. Esperamos, como non podía ser doutra forma, que esta nova persoa sexa contratada tendo en conta as necesidades das familias sen ingresos do noso municipio.= Por último, dacordo coa Instrución 2/2013 da Secretaría Xeral Técnica da





Ilmo Concello de
CAMBADOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de 14 de Xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso 2013/2014, "Os usuarios para os que se solicita a ampliación non poderán incorporarse ao comedor ata que o autorice a Secretaría Xeral Técnica e así lle sexa comunicado á dirección do centro".= Dado que este centro ten capacidade para albergar a áis dos 22 usuarios subvencionados concedidos, solicitouse a ampliación dos usuarios do comedor en 15 prazas máis, que foron denegadas sen ningún tipo de aclaración. Tendo en conta que os rapaces que solicitan o comedor teñen necesidade do mesmo por razóns económicas, familiares e sobre todo laborais, e non tendo que levar a cabo ningún tipo de inversión xa que estes usuarios non serían subvencionados senón que pagarían polo seu uso, non entendemos a negativa da Secretaría Xeral Técnica para levar a cabo a ampliación de prazas.= Por todo o exposto, este Grupo Municipal, somete a votación en Pleno, a seguinte MOCION:= 1.- Como necesidade urxente e primordial, adecuar a zona habilitada para impartir a clase de Educación Física, que non é máis que un patio cuberto, de xeito que a zona permaneza sempre seca, executando a segunda fase xa aprobada nos orzamentos de hai dous anos, para este centro, e instando ó organismo que corresponda para que se leve a cabo coa celeridade que se precisa para poder impartir esta asignatura unha vez que o curso xa comezou.= 2.- Dotar ó centro dunha persoa que leve a cabo as tarefas de limpeza, xunto coa persoa que xa o está facendo, para que o coleio se poida manter limpo e cunhas condicións hixiénicas básicas como corresponde a calquer outro centro.= 3.- Instar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería para que autorice a ampliación das 15 prazas para o Comedor Escolar e llo comunique á dirección do Centro coa maior brevidade posible, para que estes nenos que dependen do comedor escolar poidan facer uso del desde que empece o seu funcionamento."= Rematada a exposición dicindo que a día de hoxe lle consta que o Centro xa conta con persoal de reforzo para a limpeza.

Seguidamente, toma a palabra o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para manifestar que o seu grupo apoia a moción presentada toda vez que, como xa denunciaron en múltiples ocasións, as instalación atópanse en mal estado e, no caso do comedor, está sendo infrutilizado a pesar de que existe unha maior demanda por parte de país e nais = Di tamén que lles parece unha hipocresía que o Conselleiro de Educación, nunha visita realizada a Cambados hai uns dous anos, prometese unhas obras que a día de hoxe seguen pendentes.= Que hai máis dun ano o B.N.G. presentou no Parlamento varias preguntas relacionadas con este asunto e aínda non obtiveron resposta, e que no último debate sobre os orzamentos da Xunta o seu Partido presentou unha emenda para que se incluisen nos mesmos o arranxo da pista do Colexio Magariños e non saíu adiante pola negativa do P.P. que votou en contra da mesma.= Que, tendo en conta que cada día son menores as axudas, maiores os recortes en servizos esenciais como educación e sanidade, e máis as dificultades de moitos país e nais traballadores por conciliar a vida laboral e familiar, resulta necesario que este Concello poña a disposición dos mesmos tódolos medios cos que conta, e un comedor centralizado sería esencial, máxime cando as instalacións do colexio Magariños son idóneas polo seu emprazamento e recente habilitación, e contan con prazas dispoñibles.

Por parte do Sr. Alcalde contéstaselles que é precisamente no Colexio Magariños onde máis se ten invertido nos últimos anos, arredor duns 400.000 € en dúas fases, que foron priorizadas dende a dirección do centro, contemplando a primeira delas, ademáis do comedor e a biblioteca, a cambio de ventas e instalación eléctrica, arranxo do patio dianteiro, retello, etc. Que, lamentablemente as circunstancias mudaron e a crisis económica que se está a padecer tamén obrigou á Xunta a facer recortes nos seus orzamentos, pero que tampouco debe



esquecerse que as condicións da pista semicuberta xa foron malas dende a súa construción e dende sempre careceu de paredes laterais de protección.= Que é certo que se dixo que estas obras ían levarse adiante e aínda que todavía non se acometeron mantense o compromiso de proceder ó seu arranxo, tal e como se recolleu nunha recenté reunión mantida na Delegación Territorial de Pontevedra á que asistiron representantes do Concello, Anpa, Consello Escolar e técnicos.= Con respecto ó que se calificou de “hipócrésia” por parte do B.N.G. lembra que na época do bipartito, cando os fondos cos que contaba a Delegación Provincial de Pontevedra eran tres veces superiores aos actuais (en 2007 foron 9.271.339 euros fronte aos 2.730.066,77 de 2012) e os problemas do Colexio Magariños os mesmos, non se invertiu nin un so euro no seu arranxo.= Insiste en que a obra é necesaria e existe un compromiso firme de levala a cabo dentro do ano 2014, aínda que non se contemple de xeito expreso nos orzamentos da Xunta.= Engade asimesmo que por parte do Concello tamén se estan a facer xestións para desafectar do seu uso as vivendas utilizadas no seu día polo profesorado do referido centro, co fin de que dito espazo pase a ter un mellor aproveitamento toda vez que sendo as instalacións máis grandes en superficie son as que contan con menos servizos, polo que no seu día este tema traeráse ao Pleno para adoptar os acordos que poidan corresponder.= Remata dicindo polo exposto, e que toda vez que non comparten o espírito da moción, aínda que sí a necesidade de seguir mellorando as instalacións, non votarán a favor da mesma.

Por parte da Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma, reitérase que no seu día falouse de consignar unha partida específica para este cometido, cousa que non se fixo, e que unha vez levada a cabo a primeira fase, o compromiso era iniciar a segunda de xeito inminente.= Di tamén que non lle parece acertada a referencia ao bipartito, lembrando que naquel momento a pista non plantexaba maiores problemas, e que estes chegaron a raíz das gretas e goteiras.= Con respecto á posible dessafectación do espazo adicado actualmente a vivendas e o seu uso para fins comunitarios están totalmente de acordo.

Intervén a continuación o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para dicir que as partidas xenéricas o que amosan é moi pouca previsión.= Que existe unha promesa e unha necesidade real polo que debe cumprirse, toda vez que as instalacións precisan urxentemente a mellora apalabrada.= Que todo eso xa se tiña que ter resolto cos fondos do “Plan E”, e de feito xa o plantexaron na reunión que daquela mantivo o Alcalde cos portavoces, dos grupos municipais pero non se incluíron actuacións nin no Colexio Magariños nin no Instituto Ramón Cabanillas, tamén moi necesitado de melloras.= Con respecto á desafectación do espazo ocupado polas vivendas do Colexio Magariños, están totalmente de acordo.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que é certo que a situación no Colexio Magariños empeorou con respecto a fai cinco ou seis anos, pero tamén é certo que xa antes tiña que entrar auga polos laterais.= Que dado o incremento de actividades por parte dos diferentes clubs deportivos, cousa moi loable, por parte da Alcaldía estanse a facer xestións para mellorar tamén as instalacións do Instituto Ramón Cabanillas e do Asorey, toda vez que o primeiro xa está sendo utilizado para ditas finalidades e o segundo podería selo, aínda que recoñece que neste último caso resulta algo máis complicado pois o pavillón precisa dunha maior actuación ó non dispoñer de gradas, zona de baños, vestiarios, etc.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte



Resultado:
Votos a favor: cinco (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Prado Cores, Abal Roma e Martínez Piñeiro)



Ilmo Concello de
CAMBADOS


- Votos en contra: nove (Sres.: Martínez Eiras, Iglesias Pombo, Brea Troncoso, Pomares Botana, Gómez Blanco, Oubiña Santos, Quintáns Cores, Varela Piñeiro e Sr. Alcalde.
- Abstencións: ningunha

A Corporación Municipal, por maioría, acorda rexeitar a moción presentada polo P.S.deG.-PSOE, en relación co Colexio Público Antonio Magariños.

DILIXENCIA.- Para facer constar que ó longo da exposición do punto 3º incorpórase á sesión o Concelleiro D. José Juan Cores Chaves.

4º.- MOCIÓN DO B.N.G. PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.- Pola Concelleira do B.N.G., Sra. Cacabelos Domínguez, dase conta da seguinte moción presentada polo Portavoz do B.N.G. con data 23.10.2013 (R.E. nº 2013/5971).= "... EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.- O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.= Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste ate o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveran exentas.= Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatitis C, artrite reumatoide, dexeneración muscular ...= Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicaadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma arte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis defavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.= Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:= ACORDO.= 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.= 2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.= 3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado."

Seguidamente toma a palabra a Portavoz do P.S.deG.-PSOE para manifestar que a postura do seu grupo con respecto a este tema é moi clara e quedou perfectamente recollida na moción presentada e debatida no pleno anterior, facendo fincapé novamente en que o aforro



que se vai producir con esta medida é mínimo fronte ao suposto despilfarro anterior, e que non debe esquecerse que se está a falar de vidas humanas.

Pola súa parte o Sr. Alcalde remítese tamén ó manifestado no punto 6º do Pleno anterior.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: cinco (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Prado Cores, Abal Roma e Martínez Piñeiro)
- Votos en contra: dez (Sres.: Martínez Eiras, Iglesias Pombo, Brea Troncoso, Pomares Botana, Gómez Blanco, Oubiña Santos, Quintáns Cores, Varela Piñeiro, Cores Chaves e Sr. Alcalde).
- Abstencións: ningunha

A Corporación Municipal, por maioría, acorda rexeitar a moción presentada polo B.N.G., para eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública.

5º.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE A NECESIDADE DE EVITAR A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO PRESTIGE, RECORRENDO AO TRIBUNAL SUPREMO, E SOBRE A TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALIZA.

Polo Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, dase conta da seguinte moción, presentada con data 22.11.2013 (R.E. nº 2013/6665): "Exposición de motivos.- O sinistro do buque petroleiro "Prestige" nas costas da Galiza o 13 de novembro de 2002 mostrou, daquela, o problema da seguranza do tráfico marítimo que circula polo corredor de Fisterra e ameaza as costas galegas. Por desgraza hoxe, coa sentenza ditada pola Audiencia Provincial da Coruña, no caso de que o Tribunal Supremo non corrixa o seu fallo, quedarían impunes os autores da marea negra como os seus responsables políticos.= A pesar de que o litoral de Galiza está a ser o máis afectado do mundo pola contaminación derivada de accidentes marítimos destas características, pois nos últimos 43 anos houbo catro buques que provocaron importantes verteduras de hidrocarburos ao mar (Polyc Commander, Urquiola, Aegean Sea, Prestige), aos que se lle deben sumar outros sinistros en que tamén houbo unha importante contaminación mariña polas verteduras de produtos altamente contaminantes (Erkowitx, Cason), a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña permite, despois de 11 anos, a pervivencia desta situación de risco e a impunidade manifesta dos responsables.= Con todo, aínda, se está a tempo de corrixir esta situación, tendo en conta que contra esta sentenza da Audiencia Provincial da Coruña cabe interponer un recurso de casación perante o Tribunal Supremo. E dado que existen as razóns e os supostos de feito e de Dereito para recorrer, o Ministerio Fiscal e a Xunta de Galicia, personadas xunto con outras entidades como acusación, deberían presentar no Tribunal Supremo o correspondente recurso de casación contra a sentenza citada.= Esta sentenza deixa sen prexulgar a acción civil, de modo que a tutela por parte dos tribunais desta xurisdición está por decidir, malia que as indemnizacións por danos están limitadas polos convenios internacionais asinados polo Estado español, especialmente o relativo á responsabilidade civil por anos causados por hidrocarburos. Deste xeito, na práctica, a maior parte do dano debería ser asumido por quen sufriu o dano ou os pagos. A non modificación deste sistema de responsabilidade civil supón que siga recaendo sobre as vítimas o pago do dano provocado por hidrocarburos, a pesar de constituír un risco do que só se benefician as






Ilmo Concello de
CAMBADOS


empresas petroleiras e cuxa materialización non só sufrimos senón que tamén pagamos. Por iso, cómpre tamén a denuncia de tales convenios internacionais e apostar por unha nova lexislación asentada no principio de responsabilidade solidaria e ilimitada tanto dos causantes do dano como os seus beneficiarios. Alén de ser máis xusto, suporía igualmente aumentar a seguridade e a prevención de sinistros como o do Prestige.= O desastre do Prestige evidencia igualmente como o Estado continúa controlando os dispositivos de transporte de mercadorías perigosas por mar nas costas galegas, impedindo que Galiza poida facelo en porto e en tránsito mais tamén que os medios de salvamento e prevención de catástrofes ambientais despregados nas nosas costas non son suficientes e adecuados para encarar situacións de risco ou combater a ameaza da contaminación. Cómpre transferir as competencias en tráfico marítimo e prevención de accidentes no mar á Xunta de Galiza para protexer os intereses dos galegos e galegas vinculadas directamente á actividade pesqueira no mar, que constitúe unha fonte de riqueza de moitas comarcas costeiras de Galiza.= Por todo iso, solicítase do Pleno da Corporación Municipal do concello de Cambados a adopción do seguinte ACORDO.= 1º.- Amosar o noso desconcerto porque a peor catástrofe ambiental de Galiza se pecha, polo de agora, sen culpables e sen responsabilidades. Mais tamén a nosa decepción porque, de haber outra catástrofe no futuro, os piratas, os incompetentes e os irresponsables poderían quedar impunes de novo.= 2º.- Solicitámoslle ao Ministerio Fiscal e á Xunta de Galiza que presenten diante do Tribunal Supremo un recurso de casación contra a sentenza do Prestige, fallada pola Audiencia Provincial da Coruña, dado que existen as razón e os supostos de feito e de Dereito para recorrer.= 3º.- Solicitámoslle ao Goberno do Estado que promova as medidas necesarias para denunciar os convenios internacionais asinados polo Estado español en materia de indemnización por este tipo de danos, especialmente o relativo á responsabilidade civil por danos causados por hidrocarburos, e que aposte aquí por unha nova lexislación asentada no principio de responsabilidade solidaria e ilimitada tanto dos causantes do dano como dos seus beneficiarios.= 4º.- Instamos á Xunta de Galiza a que demande do Estado español a transferencia das competencias para o control e inspección dos barcos que recalán nos portos galegos e dos que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas, ademais da competencia inherente ao salvamento marítimo e á loita contra a contaminación mariña nas costas de Galiza.= 5º.- Apoiamos as mobilizacións en contra da impunidade dos responsábeis da marea negra do Prestige e en demanda da transferencia de competencias á Galiza nesta materia.= 6º.- Acordamos enviarles este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado, aos grupos do Parlamento galego e ao Ministerio Fiscal".= Di tamén que un dos puntos incluídos na petición xa está cumprido, ó terse presentado recurso de casación, pero mantense a sensación de bochorno e de impunidade da cidadanía por unha sentenza que lles parece tardía e inxusta, na que non se tivo en conta que o litoral galego, fonte de vida e riqueza para moitas familias traballadoras, foi un dos máis afectados, e, lamentablemente, esto pode volver a acontecer en calquera momento toda vez que a circulación deste tipo de buques segue a ser moi considerable e atopámonos practicamente nas mesmas condicións, sen seguimento vía satélite, sen buques anticontaminantes, e sen competencias na materia.

Por parte do P.S.deG.-PSOE, intervéñ a Concelleira, Sra. Piñeiro Martínez, para manifestar que o seu grupo lamenta tamén o contido desta sentenza, que se dicta tarde e "para cubrir expediente", e na que sen embargo quedan sen xulgar os responsables políticos e as empresas implicadas.= Critica tamén o papel asumido no seu día polo Estado e di que o seu



grupo vai apoiar a moción presentada, agás o apartado 4º da petición por non estar conformes co mesmo.

Polo Grupo Municipal do P.P. toma a palabra o Concelleiro Sr. Cores Chaves, pedindo en primeiro lugar disculpas por terse incorporado tarde á sesión.= Con respecto ó punto que se está a tratar, di que toda sentenza emitida por un tribunal de xustiza español debe ser respetada e acatada, aínda que entenden que poida haber malestar polo seu contido.= Que ao seu grupo lles produce decepción, pois consideran que quen contamina debe pagar, e logo de tantos anos de espera os verdadeiros culpables (armadora, clasificadora e aseguradora) non estiveron sentados no banquiño, o capitán non foi condeado por delito medioambiental, nin tampouco se estableceu unha indemnización que compense os cartos investidos na recuperación dos danos.= Que queda aberta a vía do recurso perante o Tribunal Supremo, e que tanto a Xunta como o goberno central xa anunciaron a presentación de sendos recursos de casación contra dita sentenza para tentar reparar os danos causados polo afundimento, e segundo as noticias das que dispoñen xa os presentaron.= Que, a tardanza na celebración do xuízo só é achacable á dificultade da instrución da causa pola falla de información e o entramado de empresas propietarias e aseguradoras do petroleiro.= Di tamén que hai dous elementos esenciais na sentenza: o estado do barco como causa do accidente e a xestión política do mesmo.= Con respecto á primeira, o tribunal considera probado que o barco se atopaba nun mal estado de conservación, pero iso non era responsabilidade de Mangouras, nin do xefe de máquinas, senón da clasificadora ABS que non estaba imputada e, ao non haber delito penal, non se deriva responsabilidade civil.= Que España xa pleiteou contra ABS nos tribunais estadounidenses para esixir 1.000 millóns de euros de indemnización, pero a xustiza americana desestimou esta demanda.= Que é entendible o malestar social polo feito de que ninguén vaia a pagar economicamente polo evidente dano ambiental causado a Galicia e o P.P. de G. compárteo e o Presidente Feijóo así o expuso públicamente.= Con respecto á xestión política a sentenza establece que o Goberno non tomou decisión arbitrarias; válida toda a xestión recoñecendo que non se impuxo un rumbo suicida senón un afastamento dentro dunha marxe de seguridade aceptable, determina que non se probaron alternativas reais para albergar ao "Prestige" máis aló do seu afastamento da costa, e recolle asimesmo que a Administración española non provocou o sinistro, senón que o xestionou con profesionalidade, adecuación e en condicións moi desfavorables.= Di tamén que entende o malestar de todos aqueles colectivos que quixeron manipular e radicalizar á sociedade galega para obter réditos electorais, que todos eles xa xulgaran previamente ao PP e querían ver ratificada a súa sentenza, pero a xustiza desmontou todos os seus tópicos e prexuízos.= Que "Nunca Máis" quedou desautorizado, demostrándose que só era un brazo político do nacionalismo e a esquerda radical para desgastar ao PP.= Que, a día de hoxe Galicia está recuperada e moito máis preparada que hai once anos, pois dende entón incorporáronse dous buques preparados con distintas medidas anticontaminación (Irmáns García Nodal e Sebastián de Ocampo), subscribíuse un convenio de colaboración coa Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA) para dotación de máis medios ao buque Ría de Vigo, que xa conta con medidas anticontaminación, sumándose aos anteriores; tamén habilitouse unha nave loxística de almacenamento de materiais para a loita contra a contaminación en Cambados, e dotouse de contedores e material de Sasemar a tódolos portos autonómicos.= Que Galicia "fixo os deberes" e elaborou un Plan fronte a estas continxencias, denominado Plan CAMGAL, para cumprir coas directrices establecidas polo Estado no "Sistema Nacional de Respuesta ante la contaminación marina", que permita loitar da forma máis eficaz, operativa e eficiente posible





Ilmo Concello de
CAMBADOS

ante un episodio de contaminación mariña xa que simplifica os órganos de resposta ante unha continxencia deste tipo, da unha mellor cobertura ante unha situación de emerxencia, e establece a cadea de mando e dar unha resposta máis áxil e coordinada en caso de necesidade, e que, pasados estes once anos dende o accidente, compre destacar que se constata a recuperación plena da costa galega.= Con respecto á asunción de competencias, di que as competencias de control e inspección nos barcos que recalán nos portos galegos, as de salvamento marítimo e as de loita contra a contaminación son estatais e así o establecen a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia; que, en materia de salvamento marítimo, Galicia executa a lexislación estatal, colaborando nas actuacións cos seus medios materiais e humanos; que, no eido da loita contra a contaminación, a nosa comunidade ten competencias dentro das súas posibilidades como comunidade autónoma, executando a lexislación do Estado e, os convenios internacionais referidos a seguridade marítima e loita contra a contaminación son asinados polos Estados como administración competente.= Que o seu grupo entende que a mellor fórmula para fomentar a seguridade marítima (aspecto fundamental en todas as comunidades costeiras de España, non só en Galicia) pasa por coordinarse e colaborar co Estado aunando esforzos e non por asumir as competencias.= E, en base a todo o anterior, e non estando de acordo coa moción presentada, votarán en contra.

Por parte do Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, insístese na sensación de frustración que xenera a sentenza logo de ter vivido todo aquilo.= Que pode decirse que Galicia recuperouse pero con secuelas e que de ocorrer novamente algo semellante estaríase á espera de que chegasen os voluntarios, porque a situación non cambio para mellor, foi unha decisión política desacertada e mal xestionada, e temos como exemplo outros países nos que sí se impuxeron sancións exemplares e indemnizacións millonarias por casos similares aos do Prestige, algunha delas recentemente.= E con respecto ó de sacar rédito político pregúntase se non é aplicable tamén ao P.P.


Intervén a continuación a Concelleira do P.S.deG.-PSOE, Sra. Martínez Piñeiro para manifestar que a rotura do casco non foi culpa do P.P. pero sí foi unha decisión política o que se fixo co barco.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: cinco (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Prado Cores, Abal Roma e Martínez Piñeiro)
- Votos en contra: dez (Sres.: Martínez Eiras, Iglesias Pombo, Brea Troncoso, Pomares Botana, Gómez Blanco, Oubiña Santos, Quintáns Cores, Varela Piñeiro, Cores Chaves e Sr. Alcalde).
- Abstencións: ningunha

A Corporación Municipal, por maioría, acorda rexeitar a moción presentada polo B.N.G., en relación coa sentenza do Prestige.

6º - DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.- Faiselle entrega a cada Portavoz dos Grupos Políticos, de senllas fotocopias das resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, dándose a Corporación Municipal por enterada.-



7.- CONTESTACION A PREGUNTAS FORMULADAS.- CONTESTACION A PREGUNTAS FORMULADAS POLO PORTAVOZ DE B.N.G., en escrito de data 14.11.2013 (R.E. nº 2013/6471), en relación cun verquido procedente do Polígono de Sete Pías.

1.- É coñecedor o Concello de Cambados de que onte (día 13 de novembro) producíronse este tipo de vertedoras industriais que ían directamente ao foxo da estrada Cambados – Ponte Arnelas?=Resposta.- Si, somos conscientes e avisouse á empresa concesionaria do servizo e á policía local.

2.-Tivo o concello coñecemento de vertedoras semellantes a esta, nese mesmo lugar e en datas anteriores?=Resposta.- Si xa fai tempo.

2 bis.- Sabe o concello cal é a procedencia deste tipo de vertedoras?=Resposta.- De conserverías.

3.- Que tipo de actuacións ten emprendidas o concello para evitar este tipo de episodios contaminantes?. Que valoración fai o concello do resultado das actuacións realizadas para impedir as verteduras?=Resposta.- Fixéronse averiguacións pero non se puido determinar con exactitude.= Faranse máis controles na rede pública e nas empresas.- Estase a facer todo o posible e vaise a continuar nesa liña de control.

4.- Cal é a razón de que a entrada en funcionamento da EDAR de Ribadumia non solucione esta problemática?.- Solucionará esta problemática en datas próximas?.- Cando, aproximadamente?=Resposta.- A EDAR de Ribadumía recibe o saneamento se algún infractor/irresponsable verte na tubería de pluviais eso non o pode solucionar.- É imprevisible que algún infractor/irresponsable poida nun momento dado verter á rede de pluviais; seguiremos cos controis.

CONTESTACION A PREGUNTAS FORMULADAS POLO PORTAVOZ DO BNG, en escrito de data 11.12.2013 (R.E. 2013/6993), en relación cunha obra de acondicionamento dunha pisra na zona de As Quintáns – Castrelo:

1.- Cal é a necesidade de acometer esa obra?=Resposta.- Foi solicitada por parte dos veciños.

2.- Que orzamento esta asignado para a súa realización?. Que parte do orzamento lle corresponde financiar ao Concello de Cambados?=Resposta.- Con cargo ó orzamento municipal 0€

3.- Con qué permisos, e de que organismos, conta o Concello para emprender unha obra tan agresiva co medio ambiente?=Resposta.- Esta obra non é agresiva co medio ambiente, conta con permisos da Consellería de Medio Ambiente, Costas e Urbanismo.

4.- Por que non se tratou de cegar a acordos cos veciños/as afectados/as e, pola contra, se lles obrigou a ceder terreos e árbores para beneficio de on se sabe moi ben quen ou qué?=Resposta.- Eso non é certo.

5.-Como e en que medida, valora vostede, que esta actuación beneficia ao pobo de Cambados en xeral e á parroquia de Castrelo en particular?=Resposta.- En tódolos ámbitos: medioambiental, cultural e de mobilidade.

6.- Se como din, esa obra, é para que poidan chegar os buses ao remate da pista, porque non se habilita un aparcamento na pista de entrada á ADEGA Condes de Albarei e se promociona que os posibles visitantes fagan o percorrido a pé, gozando así do contorno paisaxístico desta privilegiada zona natural?=Resposta.- Ese non é o fin.

7.-Que necesidade hai de gastar os cartos agredendo á natureza, podendo facer as cousas de maneira que saian gañando tanto os cidadáns como a paisaxe?=Resposta.- Non se agrade á





Ilmo Concello de
CAMBADOS

natureza senón todo o contrario, poténciase facilitando o acceso a unha das mellores paraxes e paisaxes deste concello.

CONTESTACION A PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG-PSOE, en escrito de data 13.12.2013 (R.E. 2013/7063), en relación co arranxo do Cuartel da Garda Civil.-

1.- Esta semana presentouse unha enmenda por parte do PSOE ós Presupostos Xerais do Estado para volver a solicitar novamente o arranxo do Cuartel, debido á situación ruínosa na que se encontra. Os senadores do Partido popular, votaron en contra deste arranxo, inclusive os senadores galegos, cal é o motivo polo que o Partido popular está en contra de arrancar o Cuartel da Garda Civil?.- Resposta.- O Partido Popular non está en contra desta actuación, todo o contrario, o que está en contra o P.P. e de que o Partido socialista que non invertiu nin un só euro cando os orzamentos da Dirección Xeral da Garda Civil eran 10 veces superiores aos de agora propoñan neste momento, en que non hai esa previsión económica, que se inclúa esta partida nos Orzamentos do Estado.= Lembrámoslle que este Alcalde foi o primeiro Alcalde de toda España en entrevistarse en Madrid co actual Director Xeral, tan pronto como tomou posesión, solicitándolle a renovación do cuartel da Garda Civil, polo tanto desde o Partido Popular se está traballando no futuro deste cuartel.

CONTESTACION A PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG-PSOE, en escrito de data 13.12.2013 (R.E. 2013/7064), en relación co Proxecto de lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.-

1.- Cal é a postura do noso Alcalde, xa que hai moitos Alcaldes de Galicia, tamén do Partido popular, entre eles o seu representante, o Presidente da FEGAMP e Alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela, que están abertamente en contra deste vacío de competencias sobre todo en canto a servizos sociais?.- Está o noso Concello entre os que apoian este proxecto de Lei ou entre os que están en contra?.- Resposta.- Non estou de acordo con este proxecto de Lei, toda vez que a Administración Local é a máis próxima aos veciños e é precisamente dende aquí dende onde se poden prestar mellores servizos pero para elo precísanse competencias e financiación.- En contra, e estase a elaborar un escrito neste sentido para remitirlo á Fegamp.

2.- Se este momento é tan importante para os servizos sociais, como se explica que Cambados estivese sen asistenta social e que os veciños tivesen que desplazarse, só para casos de extrema urgencia, a outros Concellos como Vilanova ou Ribadumia?.- Que pasa se non se poden desplazar a estes Concellos e a axuda requerida tiña que ser inmediata?.- Había algún mecanismo para resolver esta situación?.- Resposta.- Debido a problemas de forza maior e unha situación extraordinaria como é a enfermidade, pero estamos perfectamente coordinados cos Concellos limítrofes para atender calquera cuestión neste sentido.= De producirse ese caso o Concello lle daría a oportuna solución.= Si.

3.- Segundo vemos na prensa, Protección Civil de Cambados non recibe nada na partida da Consellería, destinada para este cometido para os municipios de menos de 55.000 habitantes. Todos os Concellos do nos entorno percibiron a axuda, a qué se debe este marxinación de Cambados?.- Fixo ou vai facer algo o Concello de Cambados para impedir que Protección Civil de Cambados non perciba nin un só euro da Xunta para ete ano e que non se cometa esta inxustiza?, Pode razoar a resposta?.- Resposta.- Non se trata de marxinación, dende o Concello de Cambados estase a xestionar coa Xunta de Galicia un convenio para dotar a Protección Civil de novas instalacións.

Os veciños da zona das Laxes, estaban molestos pola falta de alumbrado, xa está solventado o problema de alumeado nesa zona?.- Pode explicar a que se debe esta flata de



luz, así como a que se produciu durante o mes pasado en multitude de zonas de Cambados?=
Resposta.- De xeito definitivo non, tense previsto mellorar.- A condicións meteorolóxicas principalmente.

5.-O Concello anuncia en varias entrevistas a nova Plaza de Abastos. O proxecto xa está presentado?. Onde se van a ubicar os comerciantes mentres se realizan as obras?. Xa se lles comunicou aos interesados?=
Resposta.- Non.- Non se trasladan.- De xeito oficial non.

6.- Voltará a ser Cambados candidata á Cidade Europea do Viño 2017?. Temos algún proxecto?. Canto nos vai custar ós cambadeses?. Cree que se fixo todo o que se podía facer?. De verdade pensa que tivemos a repercusión que deberíamos ter tido?=
Resposta.- Tendo en conta que as candidaturas se presentarán no 2016, da súa pregunta se desprende que están vostedes convencidos de que o Partido Popular continuará gobernando no 2017; en todo caso, por coherencia este equipo de goberno fará mención só aos proxectos que están dentro desta lexislatura.= Para o 2017 non.- Neste momento nada.- Por suposto.- Si

7.- Este Concello defende ó Albariño alá por onde vai, e niso estamos de acordo. Para cando a mesma defensa dos viticultores que ven degradado o prezo da uva sen que desde este Concello se mova ningún fio para melloras as súas condicións?. Non se reúne coas asociacións de viticultores para escoltar as súas queixas?. Vai inentar axudalos dalgunha maneira?. Cómo ten pensado facelo?=
Resposta.- Lamentablemente o Concello non ten competencias nese campo.- Si ó igual que con outros colectivos.- Si, como levamos facendo durante anos.- Prestándolles a colaboración na medida das posibilidades e competencias do Concello.


CONTESTACION A PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO B.N.G. en escrito de data 17.12.2013 (R.E. 2013/7131), en relación co Saco de Fefiñáns.-

1.- Que obras de saneamento teñen previsto realizar, durante o ano 2014, para eliminar os vertidos que cheguen ao Saco de Fefiñáns?. Qué investimento suporán?. Ditas obras, estarán rematadas no 2014?=
Resposta.- Xa se dou conta por parte dos Técnicos de Augas de Galicia aos grupos da oposición.- Se executará o proxecto de saneamento do saco de fefiñáns.- 1.187.000 € aproximadamente.- Non se pode asegurar pois depende de moitas circunstancias entre elas das condicións meteorolóxicas.

2.- No caso de que no banco marisqueiro do Saco de Fefiñáns siga a ser considerado como zona C; entrarían igualmente en funcionamento as comportas?=
Resposta.- Traballaremos todos xuntos para que volva a ser zona B, en todo caso, o Concello continúa co seu compromiso de que as comportas non entrarán en funcionamento ata que esté rematado o Projecto de saneamento do saco de fefiñáns.

3.- Ahí uns días que, desde o concello, se anunciaba que unha empresa se faría cargo da xestión das comportas do Saco polo que queremos saber: en qué consistirá, concretamente dita xestión?. Quen pagará dita xestión?. A xestión do funcionamento das comportas por parte da citada empresa, significaría que a Confraría xa non tería capacidade de decisión no funcionamento das comportas?=
Resposta.- Labores de mantemento das comportas e apertura e peche das mesmas.= Portos.= Non significaría iso, o marisqueo será o criterio prioritario e a Confraría como representante máximo do sector será fundamental na toma de decisión.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Por parte da Portavoz do P.S.deG.-PSOE, en relación co Cuartel da Garda Civil, faise unha puntualización no sentido de que as obras non se levaron a cabo ó non terse presentado a documentación en prazo, contestándosele por parte do Sr. Alcalde que eso non é certo.





Ilmo Concello de
CAMBADOS

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as vintedúas horas e quince minutos, extendéndose a presente acta que asina o Sr. Presidente, de todo o que, eu, Secretario, certifico.-

O ALCALDE,



O SECRETARIO



